

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Suspensión da licitación do contrato de seguros do Concello da Laracha

Resolución Alcaldía suspensión contrato de licitación seguros Concello da Laracha

LICITACIÓN CONTRATO DE SEGUROS DO CONCELLO DA LARACHA

Por Resolución desta alcaldía, o 12 de marzo de 2015, acordouse o seguinte en relación co: CONTRATO PRIVADO DE SEGUROS DO CONCELLO DA LARACHA.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Mediante Resolución desta alcaldía de data 23 de febreiro de 2015 aprobouse o expediente de contratación de varios seguros para o Concello da Laracha.e dispúxose a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto e varios criterios de adjudicación.

O anuncio de licitación para o dito contrato foi publicado o pasado día 26 de febreiro no BOP nº 38, e abriuse o prazo de presentación de ofertas ao seguinte día, prazo durante o que foron moitas as solicitudes de información recibidas por diferentes contratistas interesados na licitación.

Estudadas polos servizos municipais as diferentes alegacións/propostas realizadas, advertiuse a existencia de erros no Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como da necesidade de proceder con máis detalle nalgunhas da súas cláusulas, como por exemplo: especificación do continente e contido no seguro de danos, especificación de riscos excluídos e incluídos en varias das pólizas incluídas no contrato, protocolo de actuación no caso do seguro colectivo de accidentes para os participantes en actividades ou, a aclaración da existencia ou non de extras nos vehículos incluídos no seguro de flota, entre outras. Asemade, os servizos municipais indicaron que unha contratación por lotes do dito contrato sería probablemente máis beneficiosa para o Concello que concentrando a licitación.

Polo anterior, de conformidade cos arts. 51, 115.4 e 139, a Disposición Adicional 2ª e a Disposición Final 3ª do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por real decreto legislativo 3/2011 (TRLCSP) e, co artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos artigos e, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Suspende a licitación convocada para adjudicar o CONTRATO DE SEGUROS DO CONCELLO DA LARACHA e, retrotraer o expediente de contratación ata o momento previo á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ao fin de que polos servizos municipais se proceda á redacción de novos pregos nos que se incorporen, no seu caso, as alegacións, propostas, aclaracións realizadas polas distintas contratistas interesadas e se solucionen os erros e contradicións advertidos de cara a promover a maior concorrencia na licitación e porén, un mellor resultado para o concello tanto no obxecto do contrato como de cara a obter a oferta máis vantaxosa.

SEGUNDO.- Publicar de forma urxente esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.

TERCEIRO.- No caso de que algunha empresa licitadora xa presentase a súa oferta para a licitación, procederase á súa devolución inmediata sen máis trámite.

A Laracha, 12 de marzo de 2015.

O alcalde. José Manuel López Varela.

Dou fe, O secretario. Miguel Iglesias Martínez”

A Laracha, 12 de marzo de 2015

O alcalde

José Manuel López Varela